



CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 1 ADMINISTRATIVO CON CARÁCTER TEMPORAL EN BASE O PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 A TRAVÉS DO PROGRAMA “REFORZO DO EMPREGO” COMO FUNCIONARIO INTERINO.

PRIMEIRA.- OBXECTO.- E obxecto da presente convocatoria a selección de 1 Administrativo para prestar servizos no concello de Riotorto en base o Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 a través do Programa Reforzo do Emprego como funcionario interino.

SEGUNDA.- CONTRATO.- Coa persoa seleccionada formalizarase un contrato de conformidade coa lexislación vixente (funcionario interino), dende o 27 de Setembro de 2024 ata o 26 de Setembro de 2025. O traballo será o 75 % da xornada de luns a venres.

TERCEIRA.- REQUISITOS.-

- o Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.
- o Estar inscrito no SEPE antes do 13 de setembro de 2024.
- o Estar en posesión de calquera das seguintes titulacións: Título de Bacharelato, Formación Profesional de segundo grado ou equivalente.
- o Estar en posesión do Celga 4 ou superior.
- o Ser español ou nacional dun dos Estados da Unión Europea ou nacional de calquera dos Estados ós que lles sexa aplicable o dereito á libre circulación de traballo.
- o Non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida o normal desempeño do posto de traballo.
- o Non ter sido separado do servizo de calquera Administración Pública mediante expediente disciplinario ou sentenza firme.

CUARTA.- SELECCIÓN.- Tramitarase oferta ao SEPE, e unha vez remitidos os candidatos a este Concello, procederase a realizar a selección que será por concurso-oposición, co seguinte baremo.

Fase de Concurso

- Por experiencia profesional acreditada en tarefas administrativas relacionadas co posto de traballo (Auxiliar Administrativo, Administrativo, Técnico de Xestión) en calquera Administración Pública ou na Empresa privada, 0,020 puntos por cada mes de contrato ata un máximo de 2,50 puntos. Acreditarase mediante copia de contratos de traballo e vida laboral actualizada. A puntuación máxima deste apartado será de 2,50 puntos.
- Por estar en posesión de cursos relacionados co traballo a desenrolar:
 - 0,25 puntos por cada curso que teña unha duración entre 5 e 20 horas
 - 0,5 puntos por cada curso que teña unha duración entre 21 e 80 horas.
 - 0,75 por cada curso que teña unha duración entre 81 e 150 horas.
 - 1 punto por cada curso que teña unha duración maior de 151 horas.A puntuación máxima deste apartado será de 1,50 punto.





CONCELLO DE RIORTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

Fase de Oposición

- Proba teórica tipo test con 20 preguntas sobre o temario do anexo I. A puntuación máxima deste apartado será de 6 puntos. Cada resposta correcta valerá 0,5 e cada incorrecta descontará 0,25.

A puntuación final virá determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e de oposición.

En caso de empate, realizarase outra proba practica escollida polo Tribunal.

QUINTA.- TRIBUNAL CALIFICADOR.- O tribunal cualificador estará integrado polas seguintes persoas:

-Presidente: Dona Marta Lodeiro Vilar, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Riotorto.

-Vogal: D. Noelia Seco López, Funcionaria do Concello de Riotorto.

-Secretario: D. Manuel Fernández Fernández, Secretario do Concello de Riotorto.

O Tribunal queda autorizado para resolver cantas cuestións e dúbidas se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo orde da selección.

SEXTA. CONTRATACIÓN E SUBSTITUCIÓN.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Os candidatos seleccionados deberán presentar antes da súa contratación un certificado médico de aptitude para o traballo que vai desenrolar.

En caso de causar baixa durante o período do contrato, renunciar o posto de traballo ou non presentar a documentación requirida, nomearase para o posto de traballo o seguinte da lista, de acordo coa acta de selección.

SETIMA. RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ANEXO I.

TEMA 1. A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. O modelo económico da Constitución Española. O Tribunal Constitucional. A reforma da Constitución

TEMA 2. Dereitos e Deberes fundamentais dos españois. A súa garantía e suspensión

TEMA 3. A Organización do Estado na Constitución: organización institucional ou política e organización territorial. A Coroa. As Cortes Xerais: referencia ao Defensor do Pobo e ao Tribunal de Contas





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

TEMA 4. O Poder Xudicial: principios constitucionais. Organización xudicial en España. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Ministerio Fiscal

TEMA 5. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais

TEMA 6. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno

TEMA 7. A organización da Unión Europea. O Consello Europeo, o Consello, o Parlamento Europeo, a Comisión Europea e o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Competencias da UE. O ordenamento xurídico da Unión Europea

TEMA 8. Idea xeral das Administracións Públicas no ordenamento español. A Administración Xeral do Estado. As Comunidades Autónomas: especial referencia aos Estatutos de Autonomía. A Administración Local. A Administración Institucional

TEMA 9. Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración, coordinación, boa fe e confianza lexítima

TEMA 10. Sometemento da Administración á Lei e ao dereito. Fontes do Dereito Administrativo: especial referencia á Lei e aos Regulamentos

TEMA 11. A relación xurídico-administrativa. Concepto. Suxeitos: a Administración e o administrado. Capacidade e representación. Dereitos do administrado. Os actos xurídicos do administrado

TEMA 12. O procedemento administrativo: consideracións xerais. As fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. O silencio administrativo. Tramitación simplificada do procedemento administrativo común

TEMA 13. Dimensión temporal do procedemento. Referencia aos procedementos especiais

TEMA 14. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Motivación, notificación e publicación

TEMA 15. Eficacia dos actos administrativos. Executividade e execución forzosa. Suspensión. Validez e invalidez do acto administrativo. Validación, conservación e conversión

TEMA 16. Revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos: principios xerais. O recurso de alzada. O recurso potestativo de reposición. O recurso extraordinario de revisión. O recurso económico-administrativo

TEMA 17. Revisión xurisdiccional dos actos administrativos: O recurso contencioso-administrativo

TEMA 18. Formas da acción administrativa, con especial referencia á Administración Local. A actividade de Fomento. A actividade de Policía: as licenzas. O Servizo Público Local: formas de xestión do servizo público local

TEMA 19. A intervención administrativa na propiedade privada. A expropiación forzosa

TEMA 20. A responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas. Responsabilidade das autoridades: evolución histórica e situación actual

TEMA 21. O Réxime Local español: principios constitucionais e regulación xurídica

TEMA 22. O Municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación: especial referencia ao empadramento

TEMA 23. Organización municipal. Competencias

TEMA 24. A Provincia. Organización provincial. Competencias





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

TEMA 25. Outras Entidades Locais. Mancomunidades, Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios. As Áreas metropolitanas. As entidades de ámbito territorial inferior ao municipal

TEMA 26. Réxime Xeral das eleccións locais

TEMA 27. Relacións das Entidades Locais coas restantes Administracións Territoriais. A Autonomía Local

TEMA 28. Ordenanzas, Regulamentos e Bandos. Procedemento de elaboración e aprobación. Infraccións

TEMA 29. O persoal ao servizo das Entidades Locais: Funcionarios, Persoal Laboral, Persoal Eventual e Persoal Directivo Profesional

TEMA 30. Réxime xurídico do persoal das Entidades Locais: Dereitos e deberes. Réxime disciplinario. Situacións administrativas. Incompatibilidades

TEMA 31. Os bens das Entidades Locais. O dominio público. O patrimonio privado das mesmas

TEMA 32. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: disposicións xerais. Clases de contratos. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público. Partes no contrato. Obxecto, presuposto base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Modificación dos contratos. Preparación dos contratos. Adxudicación dos contratos. Execución dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos

TEMA 33. Especialidades do procedemento administrativo local. O Rexistro de entrada e saída de documentos: requisitos na presentación de documentos. Comunicacións e notificacións

TEMA 34. Funcionamento dos órganos colexiados locais: réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos. As resolucións do Presidente da Corporación

TEMA 35. A lexislación sobre réxime do chan e ordenación urbana: evolución e principios inspiradores. A lexislación básica estatal

TEMA 36. Lexislación sectorial aplicable no ámbito local. Seguridade Pública. Consumo. Urbanismo. Espectáculos públicos e actividades recreativas

TEMA 37. A actividade financeira. A Lei Xeral Tributaria: principios

TEMA 38. O Orzamento: principios orzamentarios. A Lei Xeral Orzamentaria

TEMA 39. As Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. As ordenanzas fiscais

TEMA 40. Estudo especial dos ingresos tributarios: impostos, taxas e contribucións especiais. Os prezos públicos

TEMA 41. Os Orzamentos das Entidades Locais. Principios, integración e documentos de que constan. Proceso de aprobación do orzamento local. Principios xerais de execución do orzamento. Modificacións orzamentarias: os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, as transferencias de créditos e outras figuras. Liquidación do orzamento

TEMA 42. O gasto público local: concepto e réxime legal. Execución dos gastos públicos. Contabilidade e contas

TEMA 43. A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero

TEMA 44. A protección de datos de carácter persoal. Regulación e definicións. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. A Axencia Española de Protección de Datos





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

TEMA 45. A Administración Electrónica: o acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos
TEMA 46. Lei 31/1995 de Prevención de riscos laborais: obxecto, ámbito de aplicación e definicións. Dereitos e obrigacións. Consulta e participación dos traballadores

Riotorto, 12 de marzo de 2024.
O Alcalde,
Asdo: Clemente Iglesias González

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

